



MEXILLÓN DE GALICIA
• **Consello Regulador** •

28.12.2009

2009/D001CR

OPINION:

*Sobre a proposta de Libro Verde da Reforma da
Política Pesqueira Común.*

INDICE

Documento base

Principios sobre os que debe asentarse unha futura Política Pesqueira Común na UE

- 1.- Conchicultura: Mitilicultura e outros. Caracterización**
- 2.- Obxectivos políticos versus obxectivos sectoriais**
- 3.- Organización. Entidades sectoriais**
- 4.- O medio productivo. Integración na PMI.**
- 5.- Mercado**
- 6.- Dimensión exterior**
- 7.- Investigación e tecnoloxía**
- 8.- Estructuras e axuda financeira pública**

DOCUMENTO BASE.

1.- Libro Verde da Reforma da Política Pesqueira Común.
COM(2009)163 final. Bruxelas 22.04.2009. Comisión das Comunidades Europeas.

PRINCIPIOS SOBRE OS QUE DEBE ASENTARSE UNHA FUTURA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN NA UE

O documento sobre a PPC formula preguntas sobre a pesca, e basicamente respecto da pesca de lonxe, con breves referencias as actividades do mar de cerca, entre elas a conchicultura. Faltan preguntas, respostas e propostas específicas para a nosa actividade, polo que resulta difícil axustarse ao guión do Libro Verde da PPC.

Para ben ser, **correspondería facermos un traballo profundo de deseño das Políticas que necesita o sector para mellorar**, sen esquecer que **as competencias** sobre a actividade, e sobre moitos aspectos que nos afectan tamén **corresponden ás Administracións de cerca**.

A falla desas Políticas, o documento director da PPC -e toda a normativa que dela emane- deberá fixar conceptos básicos nos que basearse, e que no referido á conchicultura, deben ser:

1.- Conchicultura: Mitilicultura e outros. Caracterización.

1.1.- A específica **estructura socioeconómica do sector** ten un enorme efecto como **dinamizador social no entorno local e como multiplicador económico no desenvolvemento local**¹.

1.2.- A **mitilicultura**, a pesar da moita información interesada, **realiza actividades ecosistémicas positivas para o medio natural** xa que por exemplo axudan a controlar a eutrofización costeira e actúan como sumidoiro de CO₂ atmosférico contribuíndo así á fixación biolóxica de: nitróxeno, fósforo e CO₂ atmosférico², circunstancias que timidamente van tendo

¹ A contribución da actividade mexilloeira ao desenvolvemento local de Galicia. Escola de Negocios Caixanova. Consello Regulador do Mexillón de Galicia. 2000.

² Edebo, L.; J. Haamer; O. Lindahl; L.O. Loo; L. Piriz (2000). Recycling of macronutrients from sea to land using mussel cultivation. Int. J. Environment and Pollution 13 (1-6): 207.

Lindahl, O.; R. Hart; B. Hernrotyh; S. Kollberg; L.O. Loo; L. Olrog; A.S. Rehnstam-Holm; J. Svensson; S. Svensson; U. Syversen. (2005). Improving marine water quality by mussel farming: A profitable solution for Swedish Society. Ambio 34 (2): 131-138.

consideración a nivel legal, téndose recoñecido, por exemplo, que *"o cultivo de moluscos bivalvos filtradores pode ter un efecto beneficioso na calidade das augas costeiras a través da retirada de nutrientes... tendo en conta que non é necesaria a alimentación complementaria e que, por tanto o impacto medioambiental podería ser menor que noutros sectores da acuicultura a este respecto."*³

1.3.- A mitilicultura diferénciase nitidamente de outras actividades da acuicultura que non se caracterizan polos apartados antes enunciados.

1.4.- A mitilicultura comparte as características antes sinaladas, e é plenamente compatible coa perspectiva do sector de moluscos en xeral -marisqueo ou cultivo-, e coa pesca artesanal, como recoñece a Consellería do Mar da Xunta de Galicia⁴ cando expresa *"o papel social e de redistribución da economía que representan a pesca artesanal e o marisqueo"* motivo polo cal conclúe que estas actividades *"deben de ser diferenciadas da pesca industrial e estar suxeitas a regras específicas"* exactamente igual que **o cultivo de moluscos precisa: ser considerada como actividade diferenciada dentro da acuicultura e estar suxeita a regras específicas,** xa que non poden competir dentro dun mesmo modelo de regulamentación pois xogan un papel social, medioambiental e económico distinto.

1.5.- Recolle o Documento da PPC que *"as actividades pesqueiras deben basearse en principios económicos racionais. As flotas deben aumentar a súa fortaleza económica..."* (páx. 6, 3º parágrafo).

Pois ben, **dentro desa racionalidade necesaria no ámbito deste entorno económico, o sector mitilícola ademais de competente** -na acepción da capacitación necesaria para o mellor desempeño das súas actividades- **reivindica que a Política Pesqueira Común** -dada a específica estrutura socioeconómica do sector- **terá que propiciar organizacións con unha dimensión adecuada e unha concentración racional e eficiente das operacións.**

1.6.- Totalmente de acordo co expresado polo Libro Verde de que a *"pesca, coa súa ampla proporción de pequenas e medianas empresas, desempeña unha importante función no tecido social e na identidade cultural de gran número de rexións costeiras europeas"*, e sobre a renda de moitas comunidades. Tamén a identidade cultural costeira, a compatibilidade medioambiental, a función social e a mellora das rendas locais está moi vinculada á conchicultura, e en Galicia nomeadamente á mitilicultura, como inicialmente se expuxo. A unanimidade é, pois, total sobre a conveniencia de que persista e se optimicen a pesca artesanal, o marisqueo⁵ e a conchicultura como algo diferenciado.

Ao noso entender, é preciso **un réxime de xestión da conchicultura diferenciado respecto doutras formas de acuicultura,** e a escala europea, compatible e compartido coa pesca artesanal e o marisqueo, xa que teñen un compoñente de proximidade no mar local.

Gren, I.M.; O. Lindahl; M. Lindqvist. (2009). Values of mussel farming for combating eutrophication: An application to the Baltic Sea. *Ecological Engineering* 35: 935-945.

Macías, F.; M. Camps Arbustain; L. Rodríguez Lado (2005). Alternativas de secuestro de carbono orgánico en suelos y biomasa de Galicia. *Recursos Rurais* 1 (1): 71-85.

³ Regulamento (CE) N° 710/2009 da Comisión, de 5 de agosto do 2009, que modifica o Regulamento (CE) n° 834/2007, no que respecta á fixación de disposicións de aplicación para a produción ecolóxica de animais da acuicultura e algas mariñas.

⁴ Postura de Galicia ante a Reforma da Política Pesqueira Común. Consellería do Mar. Xunta de Galicia (sección III, apartado 3).

⁵ Inclúese a pesca artesanal e o marisqueo por telo así asumido o documento de posición da Administración Autonómica Galega anteriormente citado.

Sen perxuício de contribuir ao PIB (Producto Interior Bruto), e de fomentar intra-cambios que incrementen tal contribución, non se deberían facer experimentos con modificacións estruturais que puideran perxudicar á sostibilidade medioambiental ou social.

2.- Obxectivos políticos versus obxectivos sectoriais

2.1.- A PPC actual establece que *“a política pesqueira común garantirá unha explotación racional dos recursos acuáticos vivos que facilite unhas condicións económicas, medioambientais e sociais sostibles”*⁶

O Libro Verde, contempla que a sostenibilidade económica e social precisa da existencia de ecosistemas mariños sans, co cal a longo prazo **os obxectivos ecolóxicos, económicos e sociais** poden manter o equilibrio, si ben tal equilibrio é claramente inestable a curto prazo, e a propia **normativa actual non establece unha prelación entre os tres obxectivos**.

Cabería ademais priorizar escollas en potenciais situacións dentro dun mesmo obxectivo. A modo de exemplo -e sen perxuício das iniciativas de mellora necesarias-, a conchicultura, e mesmo a pesca artesanal e o marisqueo, manteñen equilibrio no curto prazo entre os obxectivos económico, medioambiental e social. Por elo **non se deberían xerar obstáculos que impidan manter ese equilibrio tamén a longo prazo**. Mesmo tense recoñecido o seu papel de redistribución da economía¹ fundamentalmente porque todos os ingresos obtidos pola posta en mercado dos produtos son distribuídos directamente entre os mariñeiros, mariscadoras e produtores respectivamente, circunstancia que xera un efecto dinámico e moi beneficioso na socio-economía local. Por elo -e repetimos, sen perxuício de melloras-, calquera proposta de modificación estrutural debería ser analizada en profundidade co sector para evitar posibles incidencias negativas na súa sostibilidade. Neste senso, cada vez mais estudosos da economía, poñen en dúbida o PIB (Producto Interior Bruto)⁷ como indicador de benestar social e medioambiental, e paralelamente de sostibilidade.

2.2.- Respecto de apoiar o emprego existente ou crear empregos alternativos noutras actividades (a través da PMI, etc), é evidente que no mar, o emprego por conta allea está sendo ocupado por estranxeiros porque resulta cada vez menos atractivo para os nosos mariñeiros. Respecto do emprego por conta propia, nomeadamente na mitilicultura, **empézanse a materializar os efectos do fomento de producións en terceiros países** que, como logo se dirá, teñen distintas condicións de produción (económicas, sanitarias, ecolóxicas, sociais, etc), e sen terse fomentado o seu consumo interno teñen orientado a súa produción aos nosos mercados tradicionais, e que se traduce en baixos prezos e redución dos ingresos o que, **de non remedialo, conlevaría un empeoramento, tamén, do emprego por conta propia**.

2.3.- Dada a estrutura sectorial da conchicultura -con microempresas integradas en organizacións-, a mellor política para o apoio do emprego existente, sería o **financiamento de proxectos colectivos a través das entidades organizativas** que fomenten nas propias entidades a xeración de plusvalías, que permitan capitalizar as mesmas, e unha vez superada a fase de aplicación dos principios de xestión eficiente das actividades propias, adicarse progresivamente a actividades de cambio e mellora das relacións de produción e consecuentemente a mellora do benestar social dos produtores.

⁶ Regulamento (CE) nº 2371/2002 do Consello sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común.

⁷ Entre outros moitos autores: Comisión para la Medida del Desempeño Económico y el Progreso Social. Joseph Eugene Stiglitz, (Premio Nobel de economía 2001), Amartya Sen (Premio Nobel de Economía 1998).

2.4.- Gobernanza. Sen pronunciármonos expreso sobre a asunción de competencias por parte da Comisión a través do chamado procedemento de comitloxía, sí entendemos que **aspectos decisorios relacionados coa a conchicultura (ao igual que a pesca artesanal e o marisqueo) deben ser competencia dos EE.MM**, pola súa especificidade, especialización e vinculación ao mar local, e nese senso, a conchicultura, como toda actividade económica, necesita seguridade xurídica e non pode estar suxeita á arbitrariedade nas decisións administrativas.

2.5.- Observancia. Cando os axentes forman parte do mesmo grupo social, as normas poden non estar escritas, e o control social informal resulta suficiente para a observancia dun comportamento desexado por todos.

Cando os axentes proceden de grupos distintos ou o grupo aumenta de dimensión, **as regras deben ser beneficiosas para o colectivo**, estar escritas de xeito claro e ser realizables, e a observancia necesita da existencia de medidas que disuadan de realizar actos antisociais ou si así fora, que sancionen as condutas punibles.

Pero para que haxa xustiza na aplicación das sancións é necesario saber certamente qué condutas son as que se desvían da norma. Si así non fora, todos tendemos a pensar que os veciños son menos cumpridores, o que orixina condutas competitivas para intentar compensar os potenciais perxucios que creen lles causan os demais.

2.6.- O principio de estabilidade relativa, tense establecido mediante un sistema de reparto a través do cal o cupo que corresponde a cada Membro debe manterse constante ao longo do tempo.

Na conchicultura sería de aplicación como un principio organizativo interno e de tránsito cara a unha situación de estabilidade nominal coa busca do equilibrio, co fomento de accións cara ao mercado ata o máximo rendemento biolóxico sostible.

2.7.- Optimización do recurso. Sen dúbida o máximo partido da conchicultura obteríase fomentando accións colectivas de mercado en pos do volume e do valor (con accións paralelas de mellora de organización, dos procesos de produción e de comercialización) ata o máximo rendemento biolóxico sostible, e todo elo, dada a estrutura sectorial, co fomento dunha cultura sectorial da observancia, como antes se referiu.

2.8.- Información para a toma de decisións A acumulación de información permite exercer o control, e permite tamén orientar as medidas para acadar obxectivos. O problema radica na fixación dos obxectivos para os que se vai utilizar este instrumento informativo e no uso da información mais ala do establecido, na arbitrariedade do seu uso. Por tanto a captación, tratamento, almacenamento e uso deberían ser obxecto de norma e estricto control en cada un dos estamentos de actuación. E en maior medida si a información acumulada mais ala de ser puramente estatística, pormenoriza ata o punto de ser información de carácter individual que identifica a cada empresa.

2.9.- Entendemos que a actividade que realiza nas zonas costeiras a conchicultura, e as flotas artesanais e o marisqueo, deberían beneficiarse de condicións específicas baseadas en obxectivos de mantemento ambiental e do tecido económico e social nas zonas en cuestión.

3.- Organización. Entidades sectoriais.

3.1.- Que se faga necesario un apartado específico relativo á organización do sector -como tamén o fai o Libro Verde da PPC- na acepción referida á estruturación das funcións e das relacións dentro dun grupo, pon de manifesto:

* o recoñecemento das limitacións das unidades (microempresas) que forman o sector para realizar accións máis alá da función productiva. Explicita que á actuación individual resúltanlle inalcanzables actividades de comercialización, marketing, I+D, iniciativas legislativas, etc. Todo elo vinculado ao tamaño das empresas.

* a senso contrario, en busca da eficiencia das accións en tales actividades, solo ten sentido establecer políticas e medidas a nivel colectivo, depositando explicitamente autoridade nas entidades que a propia Unión Europea ten recoñecidas como compatibles coas políticas establecidas pola UE, e a conseguinte responsabilidade pola súa execución e resultados.

3.2.- Un postulado xeralmente admitido é que a delegación de autoridade conleva a asunción de responsabilidade; ou que a responsabilidade asúmese por delegación de autoridade. No caso que nos ocupa, só na situación de terse delegado facultades, poderáselle demandar ao sector a responsabilidade da súa execución. Neste caso volve a ser plenamente efectivo que o sector *necesita seguridade xurídica*, pois as facultades haberán de estar nitidamente especificadas, referíndose a necesidade de normativa sinxela e doadamente aplicable. A modo de exemplo a actual Política Común de Pesca, normativizada por exemplo no Regulamento (CE) 104/2000, recoñece e fomenta a importancia de organizacións que tendan a concentrar a oferta para dar resposta equitativa a unha demanda cada vez máis concentrada, voluminosa e organizada. Fronte a este respaldo legal á concentración primaria, o sector ven padecendo en sucesivos anos pasados a aplicación de outra legalidade contradictoria, de defensa da competencia. Entendemos que a lexislación sobre competencia, no é acorde coa realidade conchicola, e menos aínda si se proxecta esa realidade na súa propia tendencia. Por elo é imposible dar máis posibilidades de xestión ao sector si non se especifica claramente o que se lle delega e o marxe de liberdade de que dispón para organizar a súa actividade económica.

4.- O Medio productivo. Integración na PMI.

4.1.- Ningunha outra forma de produción de alimentos ten, como a conchicultura, unha vinculación tan estreita co medio natural onde se desenvolve. O conchicultor non adiciona ningunha substancia allea ao medio para a alimentación e o desenvolvemento dos bivalvos. Non se require do uso de fármacos (antibióticos, vacinas, etc.), nin de produtos zosanitarios (fungicidas, antihelmínticos, etc.). E non se realiza ningunha manipulación das variables ambientais.

De feito, os moluscos medran e desenvólvense ate o momento da súa colleita alimentados pola materia nutritiva presente no medio natural (fitoplancto e materia orgánica particulada).

Dado que os moluscos bivalvos se alimentan por filtración, son capaces de concentrar nos seus tecidos todos os compostos beneficiosos presentes no mar (sales minerais, omega 3, nutrientes...), pero como contrapartida, se a calidade das augas de cría non é a adecuada, os bivalvos poden acumular substancias nocivas, o que comprometerá o seu estado hixiénico - sanitario.

Así pois, tanto a sustentabilidade destas prácticas de cultivo ambientalista, como a súa capacidade de subministrar alimentos seguros, están condicionadas fundamentalmente pola dispoñibilidade dun medio ambiente de elevada calidade, que garde ademais as mellores condicións hixiénico -sanitarias.

Conscientes da natureza ambientalista deste cultivo, **as autoridades europeas estableceron**, a través da publicación da Directiva 79/923/CEE, **un estatus propio e un réxime de protección especial para todas as augas onde se desenvolve a cría de moluscos bivalvos.**

Neste senso o desenvolvemento de aplicación da Directiva Marco do Auga-DMA⁸ deberá, como mínimo, manter o mesmo nivel de protección das zonas conchícolas que ofrece a Directiva sobre a calidade das augas para cría de moluscos⁹, e facela cumprir, tal como se recolle no documento de estratexia europea da acuicultura sostible¹⁰.

Si a norma se tivera observado e cumprido por parte das Administracións dos EE.MM. todas as zonas de produción de moluscos estarían clasificadas como "zonas A". O seu manifesto incumprimento -aínda a requirimentos do sector- dende 1979 (data da citada Directiva) penalizou ao sector en máis de 30 anos de perxucios. **Non é desproporcionado solicitar que as indemnizacións polo dano colectivo se traduzan en políticas e axudas que favorezan o cultivo de moluscos.**

Mesmo hai autores que teñen vinculado á contaminación antropoxénica do mar aos incrementos de biotoxinas (intensidade, períodos de presenza,...), o que evidencia un nítido dano productivo e comercial.

Por todo elo, repetimos, **a conchicultura precisa: ser considerada como actividade diferenciada dentro da acuicultura e estar suxeita a regras específicas**, xa que non pode competir dentro dun mesmo modelo de regulamentación pois xoga un papel social, medioambiental e económico distinto, polo cal avógase polo **mantemento de zonas de produción de reserva exclusiva**, que as diferencie das zonas onde se poidan realizar outras actividades que poidan perturbar a natureza desta forma de produción de alimentos.

4.2.- Por outra banda, o Libro Verde expresa a **competencia cada vez maior polo espazo mariño**. O primeiro a establecer será logo en base a qué consideracións cualificaremos a prioridade das distintas actividades que poidan ter incompatibilidades. Introducir modificacións nun equilibrio sostible e estable precisa sumo coidado: Neste senso, parafraseando o Documento da Consellería do Mar, *“a PPC é parte integrante e hoxe en día predominante na PMI” “Son os novos enfoques da PMI os que deben introducirse con suavidade na PPC e son, ademais, os elementos estruturais da PPC os que teñen que ser tidos en conta á hora de construír unha PMI”*.

Mais alá da competencia polo espazo mariño entre actividades que poidan ter incompatibilidades, entendemos que o óptimo aproveitamento do potencial productivo do medio mariño non pode ter exclusivamente unha compoñente de achega ao PIB (Producto Interior Bruto) si con elo se alteran as relacións de produción en perxucio dos produtores.

5.- Mercado.

5.1.- Con unha visión globalizadora da economía, se fomenta, defende ou protexe a oferta de países terceiros para, en base a concorrencia e a competitividade, dar protección aos consumidores europeos. Coa mesma visión globalizadora da economía como sistema, deberíase reivindicar o fomento, defensa e protección do consumo neses países en defensa equitativa dos dereitos do consumidor global (nativo neste caso), so pena de causar desequilibrio e inequidade no propio sistema económico.

⁸ Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro do 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

⁹ Directiva 79/923/CEE do Consello, de 30 de outubro de 1979, relativa á calidade esixida ás augas para a cría de moluscos (codificada na Directiva 2006/113/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro do 2006, relativa á calidade esixida ás augas para cría de moluscos).

¹⁰ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello. Construír un futuro sostible para a acuicultura. Novo pulo á Estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura europea. 08.04.2009. COM(2009) 162 final

Entendemos que as políticas e accións da PPC referidas ao mercado dos produtos da pesca non poden establecerse exclusivamente a “*prol da protección dos consumidores europeos*” porque **as razóns da necesaria protección (da microdemanda) do consumidor non difiren da necesaria protección (da microoferta) dos produtores conchícolas europeos**, ambos son axentes económicos con características –salvando as distancias- similares.

En calquera caso, as accións de mercado deberanse establecer de cara a manter un equilibrio entre a defensa do consumidor europeo e dos sectores produtores europeos.

E en termos máis amplos, facendo valer a defensa do cidadán -ao marxe da súa condición de produtor ou consumidor- as accións de mercado deberanse establecer introducindo o respecto a conceptos como a “pegada de carbono” para a priorización do acceso dos produtos ao mercado.

5.2.- Os produtos da pesca e da acuicultura obteñen unha rendabilidade globalmente inferior á rendabilidade de outros sectores agroalimentarios. Por unha parte debido á predominancia dos produtos frescos (pola carencia dunha oferta innovadora de produtos procesados) e pola carencia dunha filosofía e aplicación do marketing¹¹.

Prima xa que logo paliar esta carencia, incorporando recursos (humanos, económicos, pedagóxicos, etc) para a implantación de tal coñecemento e práctica.

“*A situación das prácticas da competencia no mercado dos produtos da pesca tense alterado sensiblemente nos últimos anos de maneira moi negativa para os produtores,...*”, “... *a través dun proceso de concentración no lado da distribución, que no caso dos produtos do sector primario, provoca efectos moi negativos nos produtores sen que os consumidores obteñan ningún beneficio equitativo*” (Consellería do Mar. Open cit.). Vala de exemplo os produtos tradicionais dos transformados do mexillón, no que a concentración de cota de mercado das MDD (marcas de distribuidor), reduce o prezo final ao consumidor ata nun 42% respecto da MDF (marca de fabricante)¹², pois ben, tal redución no prezo, os distribuidores repercútena augas arriba aos fabricantes e estes ao sector primario como acredita os descontos aplicados na derradeira campaña do mexillón en Galicia. Unha das medidas paliativas esenciais neste suposto é dispoñer -nun contexto de seguridade xurídica- de estruturas organizativas de concentración da oferta.

Neste senso o oligopsonio (oligopólio de compra) mantén o “*interese en non diferenciar o produto, o que lles supón a todas elas unha ventaxa para aumentar os seus marxes comerciais en detrimento dos produtores primarios*”.

5.3.- Por outra banda, a propia Unión europea reconece que existen figuras institucionalizadas que permiten que o consumidor remunere en mellor medida ao sector primario, basicamente a través de accións de diferenciación, así nos considerandos do Regulamento nº 510/2006¹³ sobre as Denominacións de Orixe Protexida establece que “*...os produtos que presenten determinadas características poden resultar moi beneficiosa para o mundo rural, ... , ao asegurar a mellora da renda dos agricultores*”.

Ademais, dentro desas figuras, e en defensa e protección dos sectores produtivos autóctonos europeos, hai as que teñen unha especial incidencia **pois diferencian entre que o cultivo e a transformación se realicen na mesma zona xeográfica, cal é a DOP (Denominación de Orixe Protexida), fronte a outras que non esixen os mesmos requisitos**,

¹¹ Análise do abastecemento e a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura na Unión europea. Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca. Comisión Europea. Maio 2009.

¹² Puelles Perez, José Antonio; Puelles Gallo, María. Marcas de Distribuidor (MDD): 100 ideas clave. Distribución y Consumo 241 Julio-Agosto 2008

¹³ Regulamento (CE) nº 510/2006 do Consello, de 20 de marzo do 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

como a IGP (Identificación Xeográfica Protexida), ou outros marchamos como o da acuicultura ecolóxica¹⁴ si ben teñen un recoñecemento positivo ante o consumidor, son de aplicación xenérica a todos os produtos da mesma categoría ao marxe de cal sexa a zona xeográfica.

En consecuencia, e na liña do expresado no apartado anterior en canto a escasa rentabilidade dos sectores primarios, e co fin de paliar a carencia dunha filosofía orientada ao mercado e de aplicación do marketing, **compre un esforzo suplementario por parte das Administracións a favor da implantación e consolidación principalmente das DOPs, e das súas entidades de xestión.**

5.4.- Sen dúbida o máximo partido da conchicultura obteríase fomentando accións colectivas de mercado en pos do volume e do valor (con accións paralelas de mellora de organización, dos procesos de produción e de comercialización) ata o máximo rendemento biolóxico sostible, e todo elo, dada a estrutura sectorial, co fomento dunha cultura sectorial da observancia, como antes se referiu.

Coincidimos co expresado no Libro Verde en canto que unha nova OCM que *"fixese moito mais fincapé en mellorar a forma en que están organizados os produtores"* e **consecuentemente na implantación de políticas e axudas nese senso.**

5.5.- O medre da demanda dos produtos do mar supón unha necesidade crecente de fornecemento de produtos para a súa comercialización e de materias primas para as empresas de transformación. Polo que, argumentando necesidades de maior volume (non é este o caso dos moluscos) e de menor custe, a nosa industria de comercialización e de transformación veu substituindo produtos e materias primas autóctonas por outras procedentes de terceiros países.

Xunto con esta constatación vense utilizando o argumento de que o custe de transformación resulta elevado, debilitando a posición competitiva respecto a outras partes do mundo, indicando a continuación que se necesita importar materias primas, ás cales se lles aplica un sobrecoste arancelario que perxudica en maior medida a aquel elevado custe de transformación.

Dado que a poboación consumidora segmentada en función da renda dispoñíbel está representada por unha pirámide achatada e de ampla base, as empresas, na súa maioría, focalizan no prezo a estratexia da súa competitividade, estratexia na que se encadran as importacións (de materias primas ou de produtos), que supoñen, á súa vez unha acción belixerante fronte ás producións autóctonas (de materias primas ou de produtos).

Facer competitiva a transformación mediante de abaratamento de custe, nun esforzo imaxinativo -levado ao absurdo- nos abocaría a **producir en iguais condicións nas que se produce neses terceiros países** mais competitivos en custe: baixos salarios, eliminación de proteccións sociais e sanitarias dos traballadores, falta de prevención de riscos laborais ou mellor dito ausencia de seguranza laboral, ausencia de responsabilidade medioambiental, subprezo das materias primas e empobrecemento dos produtores, condicións dos produtos, etc.

Outra alternativa competitiva do custe é o abandono da produción autóctona e a conseguinte deslocalización.

Non obstante o custe perde transcendencia na posición competitiva cando esta se centra en variábeis referidas a atributos, valores, etc., na calidade, nas condicións de elaboración (responsabilidade ecolóxica, responsabilidade social, etc.), na proxección diferenciada do produto, innovación de produto, etc.

¹⁴ Regulamento (CE) N° 710/2009 da Comisión, de 5 de agosto do 2009, que modifica o Regulamento (CE) n° 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 834/2007, no que respecta á fixación de disposicións de aplicación para a produción ecolóxica de animais da acuicultura e de algas mariñas

En consecuencia, para afrontar o reto poderíamos establecer un mix de competitividade baseado en competitividade-custe e en competitividade-valor.

Por iso, para contribuír á **competitividade-custe da industria transformadora dos productos respecto das materias primas**, propoñemos establecer medidas de **apoio para a mellora da produción europea de conchicultura (a materia prima da acuicultura mais demandada pola transformación)**. Neste sentido, e tendo moi presente que a grande maioría das empresas do sector primario son micro-empresas e empresas de carácter familiar, deberíanse establecer condicións de fácil acceso a medidas específicas de **mellora dos rendementos** (estructuras organizativas que melloren os procesos de oferta e comercialización, e que á súa vez fagan viable realizar investigación colectiva preferente para obter maiores volumes por unidades de produción, melloras nos procesos productivos, etc.) e de **mellora de productividades** (investigación colectiva preferente para obter melloras tecnolóxicas que permita o aumento da produción por operador, formación e adestramento en procesos e mellores prácticas dispoñíbeis, etc.), e iso no entorno da sustentabilidade medioambiental, social e económica, e do mantemento da calidade natural dos productos obtidos.

Por outra parte, para contribuír á **competitividade-valor da industria transformadora respecto dos productos**, sen entrar en outras cuestións internas de sector, haberíase de establecer medidas de mellora comercial dos productos con apoio á comercialización con innovación de productos, etiquetas de calidade diferenciada (Denominación de Orixe Protexida, etc.) e de comunicación do maior valor que cada unha aporta e que son preferidas polo consumidor.

A combinación de ambas liñas de actuación nun único mix melloraría a posición competitiva da produción autóctona (materias primas e productos) e a posición económica e social das persoas implicadas, e ademais contribuiría a mitigar o custe ambiental que soporta a sociedade en conxunto polo aprovisionamento de productos e de materias primas a maior distancia.

5.6.- O sector dos moluscos bivalvos é plenamente consciente e interesado en ofrecer ao mercado productos seguros ao consumidor, productos coas máximas garantías sanitarias. Resulta obvio que calquera problema sanitario (-ou a publicidade alarmista dunha simple alerta sanitaria, como xa se ten provocado-) que poda acontecer relacionado cos bivalvos -do molusco propio ou de terceiros- orixina perda de confianza do consumidor nos nosos productos, coas consecuentes implicacións comerciais e económico-sociais.

Por esto, e á vista do exposto na Estratexia para a acuicultura europea¹⁵, apartado 4.3, sobre unha nova avaliación dos instrumentos legais relativos ás biotoxinas mariñas a raíz do informe emitido pola EFSA (Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria), debemos significar que en abril de 2006 un grupo de Estados, entre os que se inclúe a Comunidade Europea¹⁶, reuniuse en Ottawa-Canadá a petición do Comité do CODEX sobre pescado e productos da pesca (CCFFP) para analizar o informe da Consulta de Peritos FAO/COI/OMS (2004), chegando a establecer unha serie de principios rectores para as deliberacións e debates, entre os que destacan os seguintes¹⁷:

¹⁵ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello. Construir un futuro sostenible para a acuicultura. Novo pulo á Estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura europea. 08.04.2009. COM(2009) 162 final

¹⁶ El grupo, presidido por Canadá, lo formaban los siguientes Estados: Bélgica, Chile, Comunidad Europea, España, EEUU, Francia, Irlanda, Japón, México, Nueva Zelanda, Noruega, Países Bajos, Reino Unido, Tailandia, Vietnam y FAO.

¹⁷ CX/FFP 06/28/6-Add.1 Informe de la reunión del grupo de trabajo para evaluar el asesoramiento de la consulta especial de expertos OMS/FAO/IOC sobre biotoxinas en moluscos bivalvos.

- a) non deberían establecerse normas para as biotoxinas cando se careza de probas de danos aos seres humanos, xa sexan provenientes de datos de estudos clínicos en seres humanos, de estudos epidemiolóxicos ou de estudos de alimentación voluntaria en animais.
- b) para facer recomendacións sobre os niveis de intervención débese considerar toda a bagaxe de coñecementos dispoñíbel sobre biotoxinas mariñas. Estes coñecementos proveñen tanto do coñecemento científico como da historia do funcionamento dos programas regulatorios sobre o nivel de protección do consumidor.

Considerando o apartado b) anterior, a nosa experiencia acumulada demostranos de maneira contundente que o actual nivel de intervención asegura un elevado grao de protección dos consumidores europeos fronte a estas toxinas.

Así, a modo de exemplo, durante o período que cobre os anos 2003 a 2006 sómente se notificaron en España tres brotes de intoxicación alimentaria provocados por estas toxinas¹⁸. Un número insignificante se temos en conta que se calcula que nestes catro anos se consumiron en España uns 1.500 millóns de quilogramos de moluscos bivalvos procedentes dunha das principais zonas produtoras de moluscos bivalvos en Europa –Galicia-. E considerando ademais que nese período temporal se rexistraron en Galicia episodios de floracións de fitoplancto tóxico moi intensos e prolongados. E ademais dous destes tres brotes foron provocados polo consumo de bivalvos contaminados que non pasaran polos pertinentes controis sanitarios xa que foron recollidos polos afectados directamente do medio natural de maneira ilegal¹⁹. E nun terceiro caso por consumo dunha partida de longueirón portugués de orixe incerta.

O que reforza aínda mais a certeza de que os sistemas de control funcionan e aseguran un elevado nivel de seguraza do consumidor.

Hai que lembrar que os moluscos bivalvos son un alimento san, saudable, natural, nutritivo e equilibrado, cuxas bondades son amplamente recoñecidas pola comunidade científica.

Por todo o anteriormente exposto, consideramos necesario que²⁰:

- a) Unha modificación da normativa vixente que potencialmente puidera implicar a redución do nivel establecido non reportará un incremento proporcional do índice de seguraza dos consumidores. Sen embargo, multiplicaranse os peches administrativos de zonas de produción cos consabidos efectos socioeconómicos.

En calquera medida de xestión do risco que se realice sobre os moluscos bivalvos se debe considerar tanto o risco real ao que está sometido o consumidor, como os beneficios que lle reporta ao mesmo o consumo de moluscos bivalvos.

En consecuencia demandamos que a Comisión Europea manteña os actuais niveis.

- b) Por outra banda, sen entrar na discusión sobre cal é o mellor método de detección do acedo ocaidaico e derivados, demandamos, que antes de modificar o método de detección de referencia actualmente vixente na UE se debe garantir:

a.- O mesmo nivel de protección do consumidor que até o momento garantiron tanto o bioensaio en rato como o da rata

¹⁸ Martín Granado, A.; Varela Martínez, M.C.; Torres Frías, A.; Ordoñez Banegas, P.; Hernández Domínguez, M.; Cano Portero, R. y Hernández Pezzi, G. (2007). Brotes de intoxicación alimentaria por biotoxinas marinas debidos al consumo de pescado y marisco en España 2003-2006. Boletín Epidemiológico Semanal 15 nº 12: 133-136.

¹⁹ Comunicación personal Centro Nacional de Epidemiología, Instituto de Salud Carlos III. 14.03.2008

Comunicación personal Dirección Xeral de Saúde Pública, Consellería de Sanidade-Xunta de Galicia. 06.04.2008

²⁰ Resolución 2008/R001CR do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, de data 09.05.2008. Sobre el dictamen de la AESA: Las biotoxinas marinas en moluscos - Acido ocaidaico y análogos. Opinión del grupo de expertos científicos sobre contaminación en la cadena alimentaria (Pregunta nº EFSA-Q-2006-065A). Adoptada el 27 noviembre de 2007

- b.- Que o método de referencia para estas toxinas debe medir en exclusiva aqueles compostos dos que existe proba de que son tóxicos para humanos, e polo tanto non debe rexistrar falsos positivos
- c.- Que este método debe ser compatíbel coas prácticas de cultivo - semente e non entorpecer as labores de cultivo: para o cal debe ser rápido, fiable, económico...
- d.- Que o método debe permitir unha frecuencia e intensidade de análise equiparable á que actualmente se rexistra en Galicia.
- e.- As autoridades deben definir o método de forma que se asegure unha aplicación uniforme e uns resultados reproducibles en toda a UE e naqueles países terceiros con permiso para a exportación de moluscos bivalvos á UE.

6.- Dimensión exterior.

6.1 Neste apartado **agradecemos ao lector unha nova lectura dos apartados 5.1 que damos aquí por reproducidos integramente.**

6.2.- No aspecto exterior, a cooperación ao desenvolvemento ou os AAP (acordos de asociación pesqueiros) deberían considerar as consecuencias e repercusións nos sectores produtores europeos.

O fácil acceso por inexistencia de barreiras de entrada (económicas, tecnolóxicas, científicas, etc) nalgúns actividades primarias da pesca -no noso caso a conchicultura- e a intensidade do factor traballo, son características sumamente atractivas para países non desenvolvidos.

Unha vez implantadas estas actividades, como neses países non existe cultura de consumo de tales produtos, a produción aumenta a unha velocidade superior do que aumenta o consumo, orientándose o excedente de oferta á exportación, precisamente cara ós países que propiciaron a cooperación, coas consecuencias expresadas nos apartados **5.1** e **5.5** anteriormente especificadas.

Por elo, estas actividades **non deberían ser contrapartida para a obtención de dereitos ou beneficios para empresas con intereses neses terceiros países.**

Estas prácticas están en total confrontación coas políticas da Unión Europea de fomento dos sectores autóctonos europeos pois neutralizan os efectos de posibles axudas outorgadas aos mesmos. **A continuidade desta práctica de contraprestación pode conlevar a desaparición dos sectores productivos europeos, dadas as distintas condicións de produción (económicas, sanitarias, ecolóxicas, sociais, etc).**

Mesmo as axudas estruturais deberían especificar que os bens adquiridos -sen perxucio da necesaria innovación e segundo a sensibilidade do sector a que se refire en función das consecuencias- deberan permanecer na Unión Europea por un maior prazo de tempo, xa que están a provocar os mesmos efectos que a cooperación ao desenvolvemento, ultimamente tamén denominada "cooperación ao desenvolvemento con retornos".

Por elo, a reivindicación do sector conchícola -galego en particular- respecto da dimensión exterior da pesca, ven sendo a **exclusión da conchicultura como obxecto de contraprestación**, ou como moito, que cando sexa inevitable tal suposto, condicionar os acordos a que o fomento no país terceiro do consumo dos produtos obtidos sexa sempre superior ao fomento das actividades referidas á conchicultura (cultivo, formación, investigación,...).

6.3.- Os produtos alimenticios, e con especial relevancia os da acuicultura e os seus produtos derivados (conservas, conxelados, etc), teñen un vector de especial sensibilidade respecto das condicións da calidade alimentaria (especialmente no referido a seguridade alimentaria, hixiénico-sanitarias, incluídos rastrexabilidade, etiquetado, información ao consumidor, etc.). Por tanto, os convenios e acordos con terceiros países precisarían dun detido estudo con obxecto de garantir que tanto os procesos de obtención, como os produtos obtidos da acuicultura, así como os procesos e os produtos que incorporan materias primas obtidos mediante a acuicultura (aínda mais en caso de materias primas procedente de terceiros países non asinantes dos acordos ou convenios), **se corresponderan exhaustivamente coa lexislación europea** ou con condicións que puidesen recoñecerse como equivalentes **tanto nos procesos como nos produtos**.

Esta especial consideración devén da situación real en canto que os lotes de produtos autóctonos da conchicultura son sometidos a estrictos controis, mentres que os importados só responden á supervisión (obtención de partidas baixo probabilidade estatística).

Estas situacións deron lugar por exemplo aos recentes incidentes sobre a importación de panga vietnamita contaminado, **recoñecendo as limitacións do control tanto en orixe (procesos - produtos) como nos PIF-Puntos de Inspección Fronteiriza (só produtos)**, como así se constata da resposta da Comisaria de SANCO Sra. Androulla Vassiliou á pregunta parlamentaria P-3907-2008.

O mesmo razoamento habería que facelo extensivo -tamén aos procesos e produtos- aplicándoo ás variables que definen a sustentabilidade, so mágoa de estar a potenciar países destrutores do medioambiente, das súas riquezas naturais, con condicións medievais de traballo, pauperización, etc.

7.- Investigación e tecnoloxía.

7.1.- Sen dúbida que o avance social está vinculado a creación de coñecementos e á súa difusión e aplicación. Compre xa que logo unha especial consideración cara á investigación. Sen dúbida os novos coñecementos van proporcionar unha mellor xestión das actividades en todos os aspectos (biolóxico, productivo, organizativo, comercial, etc).

Dentro do VI Programa Marco de Investigación, destináronse 98 millóns de euros a proxectos de investigación no ámbito da acuicultura, dos que 32 millóns foron concedidos ás PEMEs²¹, do que se deduce que **mais do 66,6% das axudas foron destinadas a unhas poucas grandes empresas de acuicultura**.

Dada a estrutura sectorial da conchicultura europea, as accións individualizadas en cuestión de investigación son dificilmente defendibles. Son os proxectos e as actividades colectivas as que poden dar resultados eficientes, e deberían ser as organizacións as que deseñen e executen qué proxectos deberían ser obxecto de atención e apoio preferente. Sería outro eido no que potenciar a implicación dos sectores no seu propio desenvolvemento e asunción de responsabilidades.

²¹ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello. Construir un futuro sostenible para a acuicultura. Novo pulo á Estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura europea. COM(2009) 162 final

8.- Política estrutural e axuda financeira pública

O mantemento das axudas estruturais debe permanecer mentres non se acade o obxectivo polas que foron creadas, a mellora das rendas dos produtores.

Dado que unha gran parte da problemática detallada neste documento, e que impide a mellora desas rendas, poderíase paliar mediante unha mellora da organización dos produtores e das súas estruturas organizativas, deben existir axudas preferentes para proxectos colectivos que sexan dificilmente asumibles polas PEMEs, que deben ter preferencia no seu financiamento.

9.- Conclusións.

O actual sistema económico existe porque existe produción para o consumo, e aumenta a súa dimensión en función da demanda de consumo. A comercialización, como elo dunha cadea, por si mesma non se mantería, precisa da existencia de produción. A UE debería sopesar si necesita unha comercialización sen sector productivo, situándose nunha situación de dependencia do exterior, ou si estratexicamente precisa dun sector productivo que -competente no desempeño das súas actividades- potenciara un sector comercializador acorde coa produción e o mercado.

O equilibrio do sistema manterase na medida en que as condicións de produción (sanitarias, medioambientais, sociais, económicas,...) sexan as mesmas na UE e nos terceiros países. O libre cambio non pode ser a costa dos que soportan esas condicións de produción, xa sexa directamente no orixe, ou indirectamente (os propios sectores productivos da UE e mesmo os cidadáns europeos en conxunto cando padecen as consecuencias daquela forma de producir). Mesmo se poderían cuantificar variables desas condicións de produción, e establecer taxas de compensación (por exemplo relativas á "pegada de carbono") para que todos os produtos tiveran iguais condicións no mercado.

Galicia, 28.Decembro.2009

Francisco A. Alcalde García
Presidente